

## **A RECUPERACIÓN DA ROMAXE DO S. ADRIÁN DE GOIRIZ (VILALBA-LUGO)**

Por: Blanco Prado, José Manuel

### **RESUMO**

*A recente asociación de romeiros do S. Adrián tenta fomenta-la romaxe deste santo, que se celebra o sábado e domingo seguintes á festividade da Ascensión, no barrio do Terrío, lugar do S. Adrián, parroquia de Santiago de Goiriz, concello de Vilalba, arciprestado do mesmo nome e diócese de Mondoñedo-O Ferrol. Acoden moitos devotos pertencentes a distintas comunidades coa finalidade de cumpriren diversas promesas ó S. Adrián, logo de que lles concedeu as peticións desexadas ou no intre de pedílas. Entre as promesas máis frecuentes sinalo as seguintes: oír misas, poñe-lo santo, participar na procesión que percorre o perímetro do santuario, levar a cabo os rituais da circunvalación e do coitelo do S. Adrián, ofrecer misas, levar candeas, entregar unha esmola en metálico, presentar ex-votos de cera etc.*

*Ó rematar os oficios relixiosos celébrase a festa profana a carón do santuario.*

### **RESUMEN**

*La reciente asociación de romeros de S. Adriano intenta impulsar la romería de este santo, que se celebra el sábado y domingo siguientes a la festividad de la Ascensión, en el barrio de Terrío, lugar de S. Adriano, parroquia de Santiago de Goiriz, municipio de Villalba, arciprestazgo del mismo nombre, y diócesis de Mondoñedo-El Ferrol. Acuden muchos devotos pertenecientes a distintas comunidades con la finalidad de cumplir diversas promesas al S. Adriano, después de que les concedió las peticiones deseadas o en el momento de solicitarlas. Entre las promesas más frecuentes señalo las siguientes: oír misas, poner el santo, participar en la procesión que recorre el perímetro del santuario, realizar los rituales de la circunvalación y del cuchillo de S. Adriano, ofrecer misas, llevar velas, entregar una limosna en metálico, presentar exvotos de cera etc.*

*Al acabar los oficios religiosos se celebra la fiesta profana en las proximidades del santuario.*

No ano mil novecentos noventa e seis os veciños do lugar do S. Adrián recuperaron esta romaxe, que tentan potenciala por medio da recente asociación de romeiros do S. Adrián, creada ó ano seguinte.

Nunha romaxe hai moitas manifestacións, actos con distinto significado. Uns poden ser de relixiosidade auténtica e outros non.

Sobor da orixe e o motivo colectivo das romaxes, **Vicente Risco** dínos o seguinte: *"A fe, o sentimento relixioso e as prácticas devotas do pobo galego tinguen toda a súa vida, aínda nos actos máis sinxelos e vulgares da vida, mais teñen unha manifestación colectiva de moita expresión nas romaxes e na veneración ós Santuarios enxebres, onde se xunta, nos días de festa, moita cristiandade"* <sup>1</sup>.

Con relación a estrutura da romaxe **Xesús Taboada Chivite** manifesta que *"as romerías, como as festas, son amáis de testemuño de piedade e degoro relixioso, lugares de reunión e convivencia social. Caseque todos iguais na súa expresión festiva: Pola mañá, alborada de gaita ou música; repicar das campás; cortexo procesional, precedido da cruz parroquial e outros pendóns; imaxe sobor andas ou en carro enfeitado; cántigas afervoadas; ofrecidos portanto velas; misote con solo da gaita so alzar e bombas de palenque niste intre; bós xantares en grupos familiares arredor da ermida; tabernas con viño do país; pulpeiras con grandes caldeiras; cegos cantores; probes cramando as suas coitas; vendedores ambulantes; baile con remuda da parexa e rivalidades. E, ao tornar, aturuxos ledos ou de desafío resoando na incerta hora de antre o lusco e fusco, como saudoso latexo céltico"* <sup>2</sup>.

Pola súa banda **J.A. Fernández de Rota** expón que *"la connotación semántica del término festa engloba las siguientes notas dominantes: alegría, diversión, vínculo inter-sexual; comensalía; amplia concurrencia y solidaridad comunal; ritos religiosos-profanos y simbología que asume fundamentales valores sociales y existenciales"* <sup>3</sup>.

Polo tanto en toda romaxe podemos distinguir dúas vertentes: a vertente relixiosa e a vertente profana. De ámbalas dúas participan case tódolos romeiros que acoden.

### I.- A VERTENTE RELIXIOSA DA ROMAXE.-

A súa manifestación máis clara radica no santuario. Este recinto sagrado é un lugar de culto representado por unha capela, á que veñen devotos non só da comunidade parroquial, na que se sitúa o santuario, senón tamén doutros lugares, para pregar ó santo a concesión dunha serie de peticións de base material preferentemente. Logo de que este lles outorgou as peticións requiridas acoden para levarlle a cabo as promesas ofrecidas.

<sup>1</sup>RISCO, Vicente: "Etnografía. Cultura espiritual", *Historia de Galiza dirixida por R. Otero Pedrayo, t. I*, Akal, Madrid, 1979, p. 384.

<sup>2</sup>TABOADA CHIVITE, Xesús: *Etnografía Galega. Cultura Espiritual*, Galaxia, Vigo, 1972, p. 157.

<sup>3</sup>FERNÁNDEZ DE ROTA, J. A.: *Antropología de un viejo paisaje gallego*, CIS/Siglo XXI, Madrid, 1984, p.213.

"Los santuarios son percibidos como espacios sagrados, de los cuales irradia la salud material o espiritual, y a los que se acude de forma individual o colectiva" <sup>4</sup>.

"... y hace en algunos santuarios, iglesias y ermitas de estos Santos milagreiros, a donde en forma masiva acuden, los días de la fiesta, cientos de romeros y devotos peregrinos con sus ofrendas. Unos para hacer un voto y promesa, que obligue al Santo a concederles el favor que le piden, y otros a cumplir lo que anteriormente prometieron" <sup>5</sup>.

### 1.- A LOCALIZACIÓN E OS ACCESOS Ó SANTUARIO DO S. ADRIÁN.-

O santuario está situado no barrio do Terrío, lugar do S. Adrián, parroquia de Santiago de Goiriz, concello de Vilalba, arciprestado do mesmo nome e diocese de Mondoñedo-O Ferrol.

A parroquia de Santiago de Goiriz ten as entidades de poboación de Acibeiro, Balsa, Barbeitas, Bidueiros, Broz, Caxigal, Campo do Cristo, Cancela, Carballeira, Carballo, Carral, Casanova, Casas Novas, Casilla, Castro, Cendán, Currás, Chozas, Fabás, Fontao, Fontoira, Fra, Gocendre, Gomariz, Graduín, Igresario, Lagoela, Lamela, Liñares, Lodeiro, Lousadela, Mámoa, Orbazán, Outeiro, Pígara, Reguengo, Riba de Vilar, San Adrián, Santa Comba, Touzás, Tronco, Uceira e Ver <sup>6</sup>.

O santuario dista uns dez km. da capital do municipio e corenta e seis da capital provincial.

Para chegar ó recinto sagrado temos que coller en Vilalba a estrada N-634, A Coruña-Santander, que nos leva ó núcleo máis importante de poboación da parroquia de Santiago de Goiriz, onde tomamos a estrada local a Samarugo, e a uns 4 km. collemos á esquerda unha estrada de menor importancia que nos leva directamente ó santuario.

Noutrora o acceso facíase desde Vilalba seguindo o camiño real, chamado camiño ou cañada do S. Adrián, que conducía á capela, distante uns sete km.

### 2.- INFLUENCIA DO SANTUARIO NO CAMIÑO NORTE DE SANTIAGO.-

O santuario está situado a uns tres km. e medio do núcleo principal de Santiago de Goiriz, por onde pasa o camiño norte de Santiago. Ten certa influencia sobre o camiño xa que os paisanos do lugar adoitan chamarlle ó río Martiñán, río do S. Adrián. Neste río está situada a famosa ponte medieval que tódolos peregrinos, procedentes de Ribadeo, teñen que cruzar.

O santuario é unha capela de interese e polo tanto recomendable a súa visita para tódolos peregrinos que pasen polas terras de Goiriz. "*Muy próxima a la*

<sup>4</sup>PRAT I CAROS: " Los Santuarios Marianos en Cataluña: una aproximación desde la etnografía", en *La Religiosidad Popular, III. Hermandades, Romerías, Santuarios, Anthropos, Barcelona, 1989, p. 227.*

<sup>5</sup>DE SAÁ BRAVO, Hipólito: *Creencias del Costumbrismo Religioso en Galicia, Servicio de Publicaciones de la Excm. Diputación Provincial de Pontevedra, 1991, p. 36.*

<sup>6</sup>Palabra, GOIRIZ, Santiago de.: *G. Enciclopedia gallega, Santiago, 1984, t. 16, p. 50.*

*Iglesia parroquial está la capilla de S. Roque con hermosos cruceiros. Si disponemos de tiempo también podremos visitas las capillas de Santa Comba y la de San Adrián" <sup>2</sup>.*

### 3.- CARACTERES ARTÍSTICOS DO SANTUARIO.-

O santuario está composto por unha nave cuberta con sinxelo artesoado e unha espadana dun só van. Diante da fachada principal hai un pórtico con catro columnas de pedra e sinxelo enreixado. No muro dereito está situada unha porta lateral e xunto dela unha pía de auga bendita de forma semicircular. No muro lateral dereito está encaixado un sartego que ten un burato exterior polo que se introducen esmolos en especie que se recollen desde o interior por outro burato feito no muro.

No presbiterio hai un retablo renacentista popular que consta de dous corpos. No primeiro hai unha imaxe barroca do S. Pedro; ós lados unha imaxe primitiva do S. Adrián, popular, do século XVII, e outro S. Adrián, popular e máis recente. O segundo corpo leva unha imaxe da Virxe da Inmaculada do século XVII, cun anxo no pé. O retablo remata cun frontón triangular <sup>8</sup>.

### 4.- ALGUNHAS REFERENCIAS HISTÓRICAS SOBRE O SANTUARIO.-

No retablo da capela existe unha inscrición que fai referencia ó ano en que se fundou e as persoas que o fixeron. A inscrición di o seguinte:

*"Esta capilla fundó D. Ramón y Luaces y su mujer Doña Ramona de Montenegro, año de 1685 y este retablo año de 1703".*

Ata ben entrado o século XX a capela pertenceu á casa do Rego de Santadrao. Os seus membros encargáronse de coida-la capela e de merca-los ornamentos sagrados para celebra-las funcións relixiosas. Na actualidade a capela é administrada polo párroco de Goiriz, aínda que os que realizan algúns rituais coma poñe-lo santo, pasa-los coitelos de madeira pola imaxe do S. Adrián... pertencen á devandita casa.

### 5.- OS DÍAS DA FESTIVIDADE NO SANTUARIO E A PROCEDENCIA XEOGRÁFICA DOS DEVOTOS.-

O sábado e o domingo seguintes á festividade da Ascensión, e o 29 de xuño celébranse as festividade do S. Adrián e S. Pedro, respectivamente. Hai anos, a festividade do S. Adrián celebrábase o mércores antes da Ascensión.

*"Antes celebrábase a festa o víspera antes da Ascensión, ahora pasouse pro sábado e o domingo seguintes" <sup>9</sup>.*

O cambio de data debeuse a que a fin de semana podían acudir máis romeiros que nun día laboral.

<sup>2</sup>GAY MÉNDEZ, Aurora: *Rutas, Abadín-Santiago de Goiriz (y II)*, Diario "El Progreso", Suplemento "O Camiño" (Asociación de Amigos do Camiño de Santiago), n° 8, p. 28.

<sup>8</sup>SANTOS SAN CRISTOBAL, Sebastián: *Goiriz. Capilla de S. Adrián, en Inventario Artístico de Lugo y su provincia*, Centro Nacional de Información Artística y Arqueológica, T. III, Madrid, 1980, p. 211.

<sup>9</sup>Informante do barrio de Terrió ( Goiriz).

Nestes días acoden devotos de tódalas parroquias dos arredores e tamén de municipios contiguos como Muras, Abadín, Cospeito, Begonte etc. "*Ven ofrecida a xente de moitos sitios, de Muras, de Gaibor, de Cospeito, de Samarugo, de S. Simón, de Corbelle, de Román, de Lanzós, e de lexos*"<sup>10</sup>.

#### 6.- AS ROGATIVAS POR PARTE DOS DEVOTOS.-

En xeral os devotos ofrécese por si mesmos ou para lograr algunha intercesión para outras persoas que non podían acudir ó santuario por algunha doenza.

Entre as rogacións máis específicas distingo as seguintes:

A.- Por doenzas humanas, relacionadas con vultos e con diversas partes do corpo humano, como demostra o feito de que bastantes romeiros cando veñen á capela traen exvotos de cera que representan diversas partes do corpo humano: pernas, pés, brazos...

B.- Por doenzas de animais: eguas, vacas e cochos dun xeito preferente. Hai devotos que acoden ó santuario traendo exvotos de cera que representan os devanditos animais.

"*A xente trae as figuras de cera, cada un o que ofrece, si lle doe unha mao, trae unha mao, si lle doe a cabeza, trae unha cabeza, si é por un animal trae un animal*"<sup>11</sup>.

C.- Polos fillos acabados de nacer para que o S. Adrián llos críe sans.

Polo tanto, os devotos préganlle ó santo a súa intercesión para os animais e as persoas.

#### 7.- AS PROMESAS OFRECIDAS Ó SANTO.-

A unidade básica de relación entre o devoto e a imaxe sagrada para resolver unha serie de problemas é a promesa. Esta consiste normalmente nun contacto directo e sagrado de forza moral entre a persoa e Deus por medio de Cristo ou dunha serie de mediadores, como son as distintas advocacións da Virxe e os santos.

"*Pra chegar con máis seguridade a ese Deus, non sempre persoal, o galego bota man dos santos e da Virxe...*"<sup>12</sup>.

A promesa á divindade reproduce dun xeito claro o sistema social vixente no que alguén fai algo a cambio dunha posterior axuda cando chegue o momento adecuado. "*El intercambio de dones entre una persona y un ser sagrado es algo universal y fuertemente vinculante*"<sup>13</sup>.

Neste santuario podemos distinguir tres modelos de relación entre os devotos e o santo.

<sup>10</sup>Informante de Goiriz.

<sup>11</sup>Informante do barrio de Terrío (S.Adrián-Goiriz).

<sup>12</sup>MOREIRAS SANTISO, Xosé: "A relixiosidade popular no sector rural", en *Rev. Encrucillada* n° 9, Ed. Sept, Vigo, 1978, p. 64.

<sup>13</sup>MARIÑO FERRO, Xosé Ramón: *Las Romerías/ Peregrinaciones y sus símbolos*, Ed. Xerais de Galicia, Vigo, 1987, p. 272.

1º.- A promesa xeralmente é condicional, é dicir, o santo concedelle a petición ó devoto e logo este cumpre a promesa; trátase dun cumprimento "*a posteriori*". Este tipo de promesa recibe os nomes de "*Ofrenda condicionada*"<sup>14</sup> e "*Petición Condicional*"<sup>15</sup>.

2º.- Algúns devotos veñen prega-la mediación do santo ante un problema determinado, realizando unha serie de rituais e ofrendas. Neste caso, os distintos rituais e ofrendas que os devotos levan a cabo teñen lugar antes de que lles sexa concedida a petición. Este tipo de promesa recibe os nomes de "*Ofrenda Propiciatoria*"<sup>16</sup> e "*Devoción Peticionaria*"<sup>17</sup>.

3º.- Finalmente, hai devotos que acoden tódolos anos ó santuario por algunha petición concedida no pasado polo santo. Este tipo de promesa recibe o nome de "*Ofrenda de Acción de Gracias*"<sup>18</sup>.

As promesas máis frecuentes que se levan a cabo neste santuario son as seguintes:

A.- *A realización dos distintos rituais ligados ó santuario, que segundo o grao de participación dos devotos teñen un carácter colectivo ou individual.*

Con respecto ós rituais colectivos distingo os seguintes:

### 1.- A celebración de misas.-

Desde as dez da mañá celébranse algunhas misas que son oficiadas por cregos de freguesías contiguas. Á unha da tarde ten lugar a misa solemne concelebrada por varios cregos.

### 2.- O ritual da procesión.-

En rematando a misa solemne celébrase a procesión, que percorre o perímetro do santuario. Nalgúns santuarios de Queiroga<sup>19</sup>, Pantón<sup>20</sup>, Sober ... a procesión lévase a cabo antes da celebración da misa solemne.

Na procesión interveñen os seguintes elementos:

a.- A cruz parroquial levada por un rapaz do lugar do S. Adrián.

<sup>14</sup>GONDAR PORTASANY, Marcial: "*Racionalidad campesina y Relativismo cultural*", en *Antropología y Racionalidad*, Ed. Sálvora, Santiago, 1980, p. 60.

GONDAR PORTASANY, Marcial: *Crítica da razón galega, Entre o nós-mesmos e nós-outros, Nós os Galegos*, Vigo, 1993, p. 153.

<sup>15</sup>WILLIAM CRISTHIAN, A. Jr.: *Religiosidad popular. Estudio antropológico en un valle español*, Madrid, Tecnos, 1978, p. 134.

<sup>16</sup>GONDAR PORTASANY, Marcial:

*Ob. cit.*, 1980, p. 60

*Ob. cit.*, 1993, p. 154

<sup>17</sup>WILLIAM CRISTHIAN, A. Jr.: *Ob. cit.*, 1978, p. 134.

<sup>18</sup>GONDAR PORTASANY, Marcial:

*Ob. cit.*, 1980, p. 60

*Ob. cit.*, 1993, p. 155

<sup>19</sup>BLANCO PRADO, José Manuel y RODRÍGUEZ SÁNCHEZ, Manuel: "*La devoción popular en el Santuario de La Ermida (Queiroga)*", en *Lucus, Boletín Informativo de la Diputación de Lugo*, nº 42, 1994, pp. 35-37.

<sup>20</sup>BLANCO PRADO, José Manuel: *Exvotos e Rituais nos Santuarios Lucenses*, Servicio Publicacións Diputación Provincial de Lugo, 1996, p. 134.

b.- A imaxe do S. Adrián levada en andas por catro devotos da freguesía de Santiago de Goiriz.

c.- Os cregos concelebrantes.

d.- Os devotos, colocados sen distinción de idade nin de sexo.

Tanto a cruz parroquial como a imaxe do S. Adrián santifican o espacio que percorren e proporcionan unha enerxía positiva a tódolos seres, tanto persoas como animais, que se encontran nese espacio.

Segundo a disposición da procesión, **ÁLVAREZ GASTÓN** distingue unha serie de características: *"Se trata de manifestaciones más multitudinarias, no sólo por los participantes activos sino también por los numerosos espectadores. Dentro de la comunidad local, es algo que llega vitalmente a los feligreses. Los elementos fundamentales de toda procesión son: las imágenes, la forma de llevarlas, el pueblo que participa y el que mira, el espíritu de la celebración -cantos, rezos, silencio..."*.

En relación ós rituais de carácter individual, hai que deixar constancia dos seguintes:

### **1.- O ritual de vir andando ó santuario.-**

Antano moitos devotos viñan ó santuario andando desde o seu lugar de orixe. Na actualidade, aínda que a maioría fan a viaxe en coches particulares, segue habendo algunha pervivencia deste ritual. Así, pódese apreciar como hai devotos que veñen camiñando desde distintos núcleos de poboación da parroquia de Goiriz, doutras parroquias pertencentes ó municipio de Vilalba e incluso da propia vila de Vilalba. Estes últimos utilizan o famoso camiño do S. Adrián, que dista uns 7 km. do santuario.

### **2.- O ritual da circunvalación.-**

En chegando ó santuario, os devotos entran en contacto co sagrado. Por iso un gran número deles dan unha volta ou máis ó redor do mesmo, de pé ou descalzos. Nas súas mans poden levar unha imaxe do S. Adrián, exvotos de cera que representan o corpo humano e partes do mesmo: pernas, brazos, pés...; tamén adoitan levar exvotos dalgúns animais:cochos, eguas e vacas preferentemente. Antano levaban os animais que ofrecían e daban unha ou máis voltas ó redor da capela.

O dar voltas arredor do santuario ten o valor dunha penetración e toma de contacto nun nivel relixioso. Na Grecia clásica tan rito facíase con fin apotropaico e catártico.

Este ritual é moi frecuente naqueles países nos que hai unha relixiosidade popular de base cristián.

*"Los peregrinos bretones daban tres vueltas alrededor de la capilla rezando el rosario, a menudo de rodillas.*

*Los portugueses dan un cierto número de vueltas - en general tres- al santuario con un rosario o una imágen en las manos..."* <sup>22</sup>.

<sup>21</sup>TABOADA CHIVITE, Xesús: *Emografía Galega. Cultura Espiritual*, Ed. Galaxia, Vigo, 1972, pp.156-157.

<sup>22</sup>MARIÑO FERRO, Xosé Ramón: *Ob. cit.*, p. 174.

### 3.- OS RITUAIS DE CONTACTO.-

O desexo de todo devoto é entrar en contacto coas imaxes e demais elementos e obxectos ligados ó santuario, xa que o sagrado proxecta a súa cualidade, sacraliza.

Entre os rituais de contacto máis habituais sinalo os seguintes:

#### 3.1.- O ritual de poñe-lo santo.-

Xosé Antonio Blanco Teixeira, da "Casa do Rego" de Santadrao, é o encargado normalmente de "poñe-lo santo", ritual que consiste no seguinte: o poñente, cunha imaxe pequena do S. Adrián, fai unha cruz por riba das cabezas dos devotos, que bican a imaxe e deixan unha esmola, mentres o poñente recita a seguinte xaculatoria:

"S. Adrián bendito  
che quite a enfermédá,  
e che dea a sanidá  
polo poder que Dios ten,  
e a Virxe María, Amén."

Este ritual empregábase e séguese empregando en moitos santuarios galegos. *"En moitos santuarios milagreiros hai o costume de "tocal-o santo" ou "poñel-o santo". Van a que llo toquen os enfermos pra sandar, e os sans pra que non lles dea a enfermédá. Pra esto hai unha imaxe pequena do santo; o devoto ponse de xeonllos, e o sacristán, as máis das veces, colle á imaxe e dalla a beixar, e logo trázalle coela unha cruz nas costas, decindo "Dios che saque a enfermédá e che dia a sanida" ...*<sup>23</sup>.

Tamén se utiliza noutros pertencentes a outras rexións e nacionalidades.

*"En el santuario de S. Martín (Azcoitia- Guipúzcoa) durante la misa se da a besar la reliquia del santo titular"*<sup>24</sup>.

Finalmente segue empregándose noutras nacións nas que sigue habendo un forte contido relixioso de base cristián.

*"En muchos santuarios bretones los romeros besan las reliquias expuestas delante del coro"*<sup>25</sup>.

*"Los romeros portugueses, al terminar la misa, se agolpan para besar las imágenes del santo"*<sup>26</sup>.

#### 3.2.- O ritual do contacto activo coa imaxe estática.-

Moitos devotos tocan cos seus panos as imaxes do S. Adrián, grande e pequeno, e logo pásanos por aquelas partes doentes dos seus corpos cunha finalidade profiláctica e curativa. Tamén adoitan toca-las imaxes con rosarios, estampas, etc.

<sup>23</sup>RISCO, Vicente: " Etnografía. Cultura Espiritual", en *Historia de Galicia* dirigida por Ramón Otero Pedrayo, Ed. Akal, Madrid, 1979, pp. 380-381.

<sup>24</sup>MARIÑO FERRO, Xosé Ramón: *Ob. cit.*, p.171.

<sup>25</sup>Ibidem, p. 170.

<sup>26</sup>Ibidem, p. 170.



### 3.3.- O ritual do sartego.-

No lado dereito da capela está encaixado un sartego que ten dous buracos: un deles contra á parte interior do santuario e o outro contra á súa parte exterior.

No interior do sartego hai permanentemente area, que se empregaba para cura-las feridas dos pés daqueles devotos que ían descalzos na procesión. Algúns devotos levábana para as súas casas para poñela en contacto con algunha ferida dalgún familiar, cunha finalidade curativa. Na actualidade neste sartego sóense depositar crinas dos animais ofrecidos, especialmente cabalos, eguas e vacas.

### 3.4.- O ritual do coitelo do S. Adrián.-

Bastantes devotos pídenlles a **Xosé Antonio Blanco Teixeira** e a **Xosé María Rei Rego**, persoas vinculadas coa administración do santuario, que toquen a imaxe do S. Adrián cuns coitelos de madeira. Despois estes dánlles outra vez ós devotos, que os pasan por aquelas partes doentes dos seus corpos facendo cruces. Na actualidade os coitelos séguese facendo **Xosé María Rei Rego**, membro da "Casa do Rego" de Santadrao. Hai anos facíanos Manuel Blanco Lozano e Rosendo Rego Rego, pertencentes á mesma casa.

Este ritual tamén se emprega no santuario do S. Adrián e S. Xulián de Carballido (Pacios-Begonte), onde antano os coitelos facíanos **Manolo Rodríguez Ferreiro**, veciño do lugar de Carballido <sup>27</sup>.

O coitelo no seu contacto coa imaxe queda sacralizado e os devotos poden deste xeito cortar simbolicamente as súas doenzas.

### 3.5.- A fonte do S. Adrián.-

A uns douscentos metros ó sur da capela hai unha fonte que leva o nome do santo que preside o santuario . Na actualidade é imposible acceder a ela debido á maleza que hai no lugar. Non hai moitos anos nesta fonte levábanse a cabo dous ritos:

1º.- Os devotos que ían descalzos ou axeonllados na procesión lavaban na fonte as feridas dos pés e os xeonllos ó rematar a mesma. As augas de certas fontes son salutíferas non en virtude da súa singularidade química, senón que son augas comúns, pero dotadas dese poder sagrado <sup>28</sup>.

2º.- Había o costume de pedir por algúns familiares botando miolos de pan na fonte mentres ían nomeándoos un por un. Existía a crenza que se un miolo de pan afondaba, a persoa pola que se botara morría antes do ano. Este ritual non se levaba a cabo dun xeito normal debido ó temor que orixinaba nas persoas. Segundo algún veciño do lugar o rito facíase para pedir polos animais. "*Había unha fonte a uns douscentos metros da capela, tiraban trozos de pan na auga, e había a costumbre de que si ese trozo de pan se hundía na auga que era mala sorte pros animais e si quedaba na superficie que daba boa sorte*" <sup>29</sup>. De tódolos xeitos a maioría das persoas consultadas faláronme da primeira das variantes.

<sup>27</sup>BLANCO PRADO, José Manuel: *Religiosidad Popular en el Municipio de Begonte*, Servicio de Publicaciones de la Diputación Provincial de Lugo, 1993, p. 87.

<sup>28</sup>CHAO REGO, Xosé: *O Libro da Auga*, Cadernos do Seminario de Sargadelos, Ed. do Castro, Sada, A Coruña, 1995, p. 276.

<sup>29</sup>Informante do barrio de Terrío (S. Adrián-Goiriz).

No Santuario do San Andrés de Teixido (Sta. María da Régoa-Cedeira) hai unha fonte dedicada ó santo na que se leva a cabo un ritual moi semellante ó que acabamos de describir. "*Pregúntase por mediación dunha miga de pan. Se aboia, e polo tanto non afonda, vaíse cumprir o que se pediu; se afonda, non se cumpre. Pode indicar tamén que o interesado volverá outra vez, ou que xa non volverá, por estar cerca o fin dos seus días*"<sup>30</sup>.

El agua fluye, está viva; el agua inspira, cura, profetiza. El poder profético emana de las aguas; es una intuición arcaica que aparece en un área muy vasta<sup>31</sup>.

Moitos santuarios están preto de fontes santas e bastantes teñen a súa orixe precisamente nelas. O culto primitivo ás fontes foi incorporado ó credo cristián no momento da entrada do cristianismo en Galicia. Isto foi posible construíndo capelas no seu contorno, como medida para tentar erradicar da memoria dos seus habitantes calquera pervivencia pagá. Polo tanto, a nova relixión adaptouse na medida do posible ós cultos ancestrais -criticados polo arzebispo de Braga S. Martiño Dumense-<sup>32</sup> coa finalidade de gañar adeptos para a súa causa, e por iso cristianizou tódalas pedras, fontes, mananciais, etc. "*Ciertos rituales llevados a cabo en torno a una serie de piedras, fuentes, bosques, etc., fueron aprovechados por el cristianismo siempre que posibles rendimientos los justificasen. Así, tenemos que siempre que una gran mayoría tuviera arraigada tal costumbre, los sacerdotes modificaban aquella para adaptarla a su religión. De esta forma, se aseguraban la permanencia del culto y la no desviación en masa*"<sup>33</sup>.

*B.- Ademais dos rituais descritos os devotos levan a cabo todas ou algunhas das promesas que sinalo a continuación:*

#### **1.- As misas.-**

Algúns devotos cumpren esta ofrenda, e o crego da freguesía á que pertence o santuario encárgase de celebra-las no transcurso do ano.

No ano mil novecentos noventa e seis os devotos ofreceron unhas cincuenta misas. O seu custo foi de mil ptas.

**2.- A ofrenda en metálico** lévana a cabo ó poñe-lo santo, nas misas que se ofician no santuario, e nos petos das esmolas que hai no mesmo.

**3.- Algunhas candeas** da mesma altura có ofrendante e candeas pequenas e grosas ("velóns"), que os devotos colocan a carón dun lampadario que hai ó lado dereito da capela.

**4.- Os exvotos de cera**, que representan a unha serie de animais: eguas, cabalos, vacas e cochos, así como o corpo humano e algunhas das súas partes: pernas, brazos, mans, pés... Estes exvotos son levados ó santuario polos devotos en testemuña do seu agradecemento pola influencia benéfica que o S. Adrián exerceu na cura das doenzas humanas e animais, ou para prega-la súa protección no curso da vida.

<sup>30</sup>FRAGUAS, Antonio: *Romarías e Santuarios*, Cultura Popular, Biblioteca Básica da Cultura Galega, Galaxia, Vigo, 1988, p. 37.

<sup>31</sup>ELIADE, Mircea: *Tratado de Historia de las Religiones*, Instituto de Estudios Políticos, Madrid, 1954, pp. 195-197.

<sup>32</sup>BOUZA BREY, Fermín: *Etnografía y Folklore de Galicia*, Ed. Xerais de Galicia, Vigo, 1982, p. 228.

<sup>33</sup>DE FRUTOS GARCÍA, Pedro: *Leyendas Gallegas (III)*, El Caldero de Lug, Ed. Tres- Catorce - Diecisiete, Madrid, 1981, p. 23.

No museo arqueolóxico de Madrid hai unha importante colección de exvotos ibéricos de bronce, que datan a súa maioría, dos séculos terceiro e segundo a.X.C. Estes representan a guerreiros, xinetes, animais diversos, membros amputados...

Tamén no museo de Pontevedra hai unha serie de terracotas procedentes do santuario itálico de Calvi, situado na Campania. Neste santuario dedicáronselles moitos exvotos ós deuses itálicos durante varios séculos. Destacan as cabezas de homes e mulleres, algúns animais: vacas e cochos. A maioría destas terracotas, feitas con molde, foron policromadas, sendo interesante comprobar a súa semeianza cos exvotos de cera que aínda se ofrecen en bastantes santuarios<sup>34</sup>.

### 5.- A ofrenda en especie.-

Algúns devotos seguen ofrecendo unha serie de produtos como unllas, queixos, cacheiras..., que ó remata-los oficios relixiosos van ser poxados por un frexés da parroquia a carón do santuario. Este pon un prezo de saída polo produto que se vai poxar, e a partir del as distintas persoas, que participan na poxa, van ofrecendo diferentes cantidades, ata que ninguén ofrece máis, obtendo o produto a persoa que fixo a derradeira oferta. Este proceso continua con tódolos demais produtos que se sacan "a poxa". *"Hai un cocho donado por un feligrés do barrio de Terrío que vai ser subastado despois dos actos relixiosos. También hai cacheiras, queixos, uñas, que también son subastados"*<sup>35</sup>.

Bastantes devotos acoden á poxa, manifestando un gran interese por obter algún produto, que tivo relación coa imaxe sagrada do santuario. *"En muchos de los santuarios estas ofrendas en especie se venden en subasta pública... los devotos muestran gran interés en comprarlas porque su contacto con los santos las ha convertido en reliquias"*<sup>36</sup>.

Este tipo de ofrenda sigue usándose non só nalgúns santuarios galegos, senón tamén noutros pertencentes a outras comunidades do estado español. Tamén nalgúns europeos.

*"En Portugal... las ofrendas son simple acumulación de productos corrientes de producción local... Todos estos productos son vendidos en subasta al final del día. En Bretaña todas las ofrendas en especie se subastan el día de la peregrinación o después de la misa dominical..."*<sup>37</sup>.

## II.- A VERTENTE PROFANA DA ROMAXE.-

Desde que os devotos cumpren as distintas promesas adicadas ó S. Adrián a romaxe remata nunha festa, que ten un efecto lúdico e compensatorio. *"En la mayoría de los santuarios la romería acaba en fiesta: es la desacralización, la vuelta al mundo profano..."*<sup>38</sup>.

<sup>34</sup>BLANCO PRADO, José Manuel: *Ob. cit.*, 1996, pp. 47-48.

<sup>35</sup>Informante do barrio de Terrío (S. Adrián- Goiriz).

<sup>36</sup>MARIÑO FERRO, Xosé Ramón: *Ob. cit.*, p. 277.

<sup>37</sup>Ibidem, p. 278.

<sup>38</sup>MARIÑO FERRO, Xosé Ramón: *Ob. cit.*, p. 297.

A festa é a manifestación da identidade da comunidade, da cohesión como grupo que se mostra fronte a outras comunidades, tentando superalas na organización das súas festas, etc. "*Cada fiesta es la expresión de identidad de la comunidad y también de su unidad*"<sup>39</sup>. Por medio do xantar renováanse as relacións entre amigos e as diferentes casas da familia. "*Los centros parroquiales se convierten en punto de reunión de parroquias vecinas, con la colaboración de la íntima fiesta familiar de cada casa y de sus parientes extra-comunitarios*"<sup>40</sup>.

A festa convértese nun xeito de liberar a sensibilidade, xa que o intre no que se tolera a ruptura das normas e regras que presionan e reprimen o comportamento dos membros dunha comunidade. "*La fiesta marca el paso de un año a otro, y para efectuar este paso, está siempre tentada de decretar una inversión de las concepciones y de las conductas de la vida corriente de las que sale durante la fiesta para poder volver a entrar renovado y cambiado*"<sup>41</sup>.<sup>42</sup>.



**Vista exterior do Santuario do S. Adrián**

<sup>39</sup>PITT RIVERS, Julián: "L' identité locale vue à travers la fête", *Coloquio Hispano-Francés, Culturas Populares, Diferencia, Divergencias, Conflictos*, Universidad Complutense, Madrid, 1986, p. 19.


<sup>40</sup>FERNÁNDEZ DE ROTA, J.A.: *Obr. cit.*, p. 259.

<sup>41</sup>PITT RIVERS, Julián: *Obr. cit.*, p. 19.

<sup>42</sup>Os mapas foron feitos polos delineante José Cancio Fernández.



**Unha devota realiza o ritual da circunvalación ó redor do santuario, levando nas súas mans dous exvotos de cera, que representan algunhas partes do corpo humano. Isto faino como petición ou en sinal de agradecemento polo favor obtido**



**O encargado de poñe-lo santo por riba da cabeza dos devotos**



**Un fregués da parroquia, cunha imaxe pequena do S. Adrián, fai unha cruz por riba da cabeza do devoto que bica dita imaxe, mentres o poñente recita a seguinte xaculatoria: "S. Adrián bendito, che quite a enfermédá e che dea a sanidá, polo poder que Dios tén e a Virxen María"**



**Unha devota realiza o ritual da circunvalación ó redor do santuario, levando nas súas mans unha imaxe do S. Adrián. Isto faino como petición ou en sinal de agradecemento polo favor obtido**



**Unha parella, levando a cabo o ritual da circunvalación ó redor do santuario**






**Logo da misa solemne, sae a procesión que percorre o perímetro do santuario. Nela interveñen os seguintes elementos: a imaxe do S. Adrián, levada en andas por catro devotos da freguesía do Santiago de Goiriz, os cegos concelebrantes e os devotos, colocados sin distinción de idade e sexo**




**D. Xosé María Rego, fregués da parroquia do Santiago de Goiriz, toca a imaxe do S. Adrián cuns coitelos de madeira. Logo dallos ós devotos, que os pasan por aquelas partes doentes dos seus corpos, facendo cruces**




**Alguns devotos ofrecen candeas da súa mesma altura e velóns, que colocan a carón dun lampadario, situado no lado dereito da capela**



**D. Xosé María Rego, fregués da parroquia do Santiago de Goiriz, toca a imaxe do S. Adrián cuns coitelos de madeira. Logo dallos ós devotos, que os pasan por aquelas partes doentes dos seus corpos, facendo cruces**



**No lado dereito da capela está encaixado un sartego, que tén dous buracos. Polo buraco exterior, os devotos introducen as crinas dos animais polos que se ofrecen, dun xeito preferente eguas, cabalos, vacas...**




**Un dos encargados de poñe-lo santo e de tocar cuns coitelos de madeira, a imaxe do S. Adrián**



**Un rapaz da freguesía de Goiriz toca cun coitelo de madeira a imaxe do S. Adrián**




**Unha das ofrendas características neste santuario son os exvotos de cera, que representan unha serie de animais: eguas, cabalos, vacas e cochos, así como o corpo humano e algunhas das súas partes: pernas, brazos, mans, pés...**



**Unha devota do S. Adrián, leva uns coiteiros de madeira, que despois de ser pasados pola imaxe do santo, vanlle a servir para cortar simbolicamente aquelas doenzas do seu corpo**

**LOCALIZACIÓN DO MUNICIPIO DE VILALBA NO MAPA  
PROVINCIAL DE LUGO**



**MAPA MUNICIPAL DE VILALBA**

